




Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a vinte e oito de xuño de dous mil cinco

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común coa denominación de *Común de Montes; A Chaira; Coto do San Marco; Sarandín; Sobrecurras; Val da Millara; Coto do Fulión; A Rasa; e As Portelas*, por solicitude dos veciños da parroquia de Anllo (Santiago), do concello de San Amaro (Ourense).

Resultando que con data 20 de setembro de 2001, tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños representantes da parroquia de Anllo, concello de San Amaro (Ourense), solicitando se declare o monte coa denominación *Común de Montes; A Chaira; Coto do San Marco; Sarandín; Sobrecurras; Val da Millara; Coto do Fulión; A Rasa; e As Portelas*, como veciñal en man común.



Asdo.:

Resultando que o Xurado Provincial en sesión celebrada en data 9 de xullo de 2002, acordou tomar en consideración o citado escrito e iniciar o expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Belén Bris Marino





e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo na mesma sesión. Remitíronse comunicacións dirixidas aos veciños de Anllo, á Deputación Provincial de Ourense, ao Concello de San Amaro, á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, á Xerencia Territorial do Catastro, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, á Delegación Provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e ao Rexistro da Propiedade do Carballiño

Publicáronse edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de anuncios do Concello de San Amaro, segundo consta en dilixencia estendida ao dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado dun mes os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos.

O Concello de San Amaro remite en data 5 de xaneiro de 2005 alegacións feitas polo presidente da comunidade veciñal en man común do monte "Carqueixal e Campo da Esperela" relativas ao linde do citado monte veciñal sito no concello de Leiro co Concello de San Amaro.

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade do Carballiño, como segue:

Asento número 175, do Diario 36, Anotación preventiva letra A, Folios 222 ao 225 do Libro 43 de San Amaro, Tomo 485, leiras 6.456 á 6.459 e aos



Asdo.:





folios 1 ao 5 do Libro 44 de San Amaro, Tomo 507 do Arquivo, leiras 6.460 á 6.464.

Resultando que na tramitación do expediente se cumpriron tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten xurisdición e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable; e





5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedir a "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar da parroquia de Anllo (Santiago), no concello de San Amaro.

Considerando que de acordo co artigo 2 da Lei 13/1989, os montes veciñais en man común son bens inalleables, imprescritibles, indivisibles e inembargables, constituíndo esta natureza un carácter inherente ao monte con carácter preexistente.

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.

Considerando que das informacións recollidas resulta que os veciños do lugar da parroquia de Anllo (Santiago), están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que da visita dos Sres. Instructores ao terreo, compróbase que o monte "*Común de Montes; A Chaira; Coto do San Marco; Sarandín;*



Asdo.:





Sobrecurras; Val da Millara; Coto do Fulión; A Rasa; e As Portelas”, non linda co monte “Carqueixal e Campo da Esperela”, no concello de Leiro.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños do lugar da parroquia de Anllo (Santiago), para que este xurado puidese acordar a iniciación do expediente de clasificación.


Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento: o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

A C O R D A:

Primeiro. - Clasificar o monte coa denominación *Común de Montes; A Chaira; Coto do San Marco; Sarandín; Sobrecurras; Val da Millara; Coto do*





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Ourense
Servizo Técnico Xurídico

r. Paseo 18-51
32003 OURENSE

Fulión; A Rasa; e As Portelas, de 33,89 ha, en conxunto, aproximadamente de superficie a favor dos veciños do lugar da parroquia de Anllo (Santiago), no Concello de San Amaro (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: San Amaro (Ourense)

Denominación: Monte integrado polos denominados "Común de Montes, A Chaira; Coto do San Marco; Sarandín; Sobrecurras; Val da Millara; Coto do Fulión; A Rasa, e As Portelas."

Comunidade propietaria: veciños da parroquia de Anllo (Santiago)

Superficie: 33, 89 ha en conxunto, aproximadamente.

Monte denominado: Común de Montes

Superficie: 0.39 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: Elvira Pérez Pérez

Sur: Sira González Rúa

Leste: Elvira Pérez Pérez

Oeste: Francisca Castro e Sira González Rúa

Monte denominado: A Chaira.

Superficie: 2.9 Hectáreas aproximadamente.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Ourense
Servizo Técnico Xurídico

1/ Paseo 1B 5.
32003 OURENSE

Estremas:

Norte: Artemio Rodríguez Pérez e Josefa González Galiño.

Sur: Germán González Vázquez, Agustín Vázquez Rodríguez,
Josefa Iglesias González.

Leste: Herminio González Vieitez, César Vieitez Galiño, Felipe
Álvarez Rodríguez.

Oeste: Elisa González Armas, Elisa Armas Fernández, Eugenio
Vázquez Rodríguez

Monte denominado: Coto do San Marco

Superficie: 0.37 ha aproximadamente

Estremas.

Norte: Marina Rodríguez González e Julia Vieitez Galiño

Sur: Eutaquio Fernández González

Leste: Marina Rodríguez González

Oeste: José Antonio González González

Monte denominado: Sarandín

Superficie: 2.63 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: Camilo Rodríguez Fernández e Felisindo Rodríguez
González

Sur: Darío Vieitez Galiño

Leste: Adelina González Vieitez e Josefa Iglesias González

Oeste: Amador Fernández Bravo e Herminio González Vieitez





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Ourense
Servizo Técnico Xundico

r. Paseo 18-5
32003 OURENSE

Monte denominado: Sobrecurras

Superficie: 1.82 ha paroximadamente

Estremas:

Norte: Antonio González Galiño e Camilo Rodríguez Fernández

Sur: Jose Vieitez Galiño e Aurora Fernández Pérez

Leste: Jose Antonio Fernández Pérez e Agustín Fernández Pérez

Oeste: Filiberto González Vázquez e Eugenio Vázquez Rodríguez

Monte denominado: Val da Millara

Superficie: 10.91 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: Constante Gómez Fernández e Antonio González Galiño

Sur: Julia Vieitez Galiño e David Fernández Ferradas

Leste: Josefa González Galiño e Delia González Pérez

Oeste: Carmen Fernández Pérez e Dario Vieitez Galiño

Monte denominado: Coto do Fulion

Superficie: 0.44 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: David Rodríguez Ferradas e Jose Antonio González
González

Sr: Venancio García González

Leste: Jose María González Vázquez e David Rodríguez Ferradas

Oeste: Moisés Suárez Vázquez e Benilde Fernández Pérez





Monte denominado: A Rasa

Superficie: 12.57 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: Artemio Rodríguez Pérez

Sur: Antonio Rodríguez González

Leste: Julia García González

Oeste: Albino García Galiño e Ramón Vázquez Fernández

Monte denominado: As Portelas

Superficie: 1.86 ha aproximadamente

Estremas:

Norte: Rosa González Galiño e Felisindo Rodríguez Fernández

Sur: Felisindo Rodríguez Fernández

Leste: Genoveva Rodríguez González

Oeste: Carmen Fernández Pérez e Justo Rodríguez González

Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.




Notifiquese esta resolución ao concello de San Amaro (Ourense), aos representantes da comunidade veciñal, ao Servizo de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Ambiente, aos que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de





reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ambos os dous prazos a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
COTEXADO E CONTROLADO DO ORIGINAL
Ourense... de 200....
do Funcionario

Asdo.:



